

OS MEUS AVÓS

A min, como moitas outras nenas e nenos tocounos vivir en dúas casas.

Unha polo día cos avós e outra pola noite cos pais. Os avós, persoas incansables, cando eu chegaba xunto a eles xa tiñan moitas labores feitas dicían, para poder estar comigo.

Pero os días que non chovía eu xa quería estar sempre fóra coas tarefas do campo, cos animais...

Para min aquela casa era a granxa xigante que sempre quixen ter.

Cada día era unha aventura, mirar se as galiñas puxeran os ovos, darlle herba aos coellos, sacar as ovellas para o prado, etc. Pero o día que nunca olvidarei foi unha mañá que o avó estábame a esperar na porta e díxome: “aumentou a familia” e levoume a corte das ovellas, alí estaban tres añiños, para min ver aquilo foi sorprendente, nunca vira uns tan pequerrechiños. E a sorpresa seguía cando a avoa dixo que agora temos que darlle o biberón a un, porque a ovella non ten leite para os tres, e deixábame a min que llo dese. Aqueles días nin quería perder o tempo en ir a cocíña a comer, estaba sempre vixiando aos añiños, cada movemento que facían, mais tarde un brinco ou un meeee, e informaba aos avós das novidades.

Tamén tiñan un pavo que facía a función dun can, de vixiante, cada persoa allea que quería entrar na eira dos avós tiña que frear diante do pavo, senón levaba un picotazo, só me deixaba pasar a min, porque xa me consideraba da casa. E aventura tras aventura vin a matanza do porco, dos polos dos coellos todo o que se fai nunha casa da aldea con animais. O que tamén me gustaba moito era ir co avó no tractor, eu axudáballe a recoller a herba, e para él sempre o facía ben.

Todos os días contábanme historias de cando eles estiveron fóra de España, cando miña nai e meus tíos eran pequenos e eles non podían xogar con eles. Eu moitas cousas non as entendía pero gustábame escoitalos. E así chegou a hora de marchar, porque mamá xa non traballaba fóra. Non sei quen estaría máis triste, mamá dicía, que nos ívamos seguir vendo moito, pero todos sabíamos que non era o mesmo, a avoa seguía a dicir que xa non puidera estar cos seus fillos por culpa da emigración e agora que disfrutaba coa neta...

Todo chega ao seu fin, pero o recuerdo que quedou na miña cabeza é imborrable. E agora penso que sería sen eses avós que nunca estaban enfadados, nunca se cansaban de xogar comigo, nunca se aburrían dos meus ¿por qué? ¿para qué? etc.

Todo o contrario, sempre me dicían que eu dáballes xuventude, ánimo e gañas de levantarse cada mañá.

Quéroos moito.

FIN.

Número de lista: 6. 3º